

**Acta núm. 02/2022.**  
**Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local**  
**do 8 de febreiro de 2022.**

**CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:**

María Rosa Romero Fariña.  
 José Luis Sampedro Bouzas.  
 Sandy Marie Cebral Gómez.  
 Carlos Noya Pereira.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 8 de febreiro de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 01/2022, DO 18.01.2022.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- FORA DA ORDE DO DÍA:
- 1. ACORDO DE CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA.
- 5º) ROGOS E PREGUNTAS.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 01/2022, DO 18.01.2022.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 18.01.2022, acta núm. 01/2022.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA TERESA MONTERO CAMIÑO, na que comunica que vai construír un peche nunha parcela sita en Soigrex 33-Bastavales, de 35 metros de lonxitude e en contacto coa vía pública; o peche farase cun zócalo de formigón de 15 cms, postes metálicos con arame por arriba ata unha altura total de 1,80 m., e afastarase 5.50 mtrs. do eixe de cada un dos camiños públicos cos que está en contacto. A parcela (7511401NH2471S0001WB) onde se pretende executar a obra emprázase parte sobre un ámbito de solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM, e situase dentro da zona de protección de leitos dun rego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 28.12.2021, clave DH.W15.81351, e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- 2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
  - .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 20,18 euros.
  - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
  - Total: 84,75 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MIGUEL ÁNGEL ROMERO GÓMEZ, na que comunica que vai construír un peche nunha parcela sita no lugar do Casal – Brión; o peche farase con arame ata unha altura máxima de 1.50 mtrs. sobre a rasante natural do terreo.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 15013A031006650000UK) emprázase sobre un ámbito clasificado como solo rústico de protección agropecuaria polo PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 20.01.2022, clave DH.W15.82259, e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- No caso de dar fronte o peche a camiño público deberá afastarse un mínimo de 4,00 metros ao eixe deste.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 6,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 70,57 euros.

**c)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN POMBO TARRÍO, na que comunica que vai construír un peche con cinco fileiras en bloque prefabricado de formigón no fronte dunha parcela sita en Beca nº 6 – Bastavales, en contacto coa vía pública e separado 6 m. do eixe do vial, con unha lonxitude aproximada de 26 m.

A parcela (9810305NH2491S0001IT) na que se van executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1), e afectado pola proximidade dun elemento catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como XBC-1 (cruceiro de Beca), e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O muro non superará a altura máxima de 1,20 metros e deberá revestirse e pintarse en tons claros ( blanco ou gama dos grises).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 14,46 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 79,03 euros.

**d)** Deuse conta dunha instancia asinada por MARÍA DOLORES VILACOBIA MARTÍNEZ, na que comunica que vai cambiar as ventás dunha vivenda sita na Avda. Santa Mina nº 69 – Brión.

A parcela (ref. catastral 6261506NH2466S0001UO) onde se van realizar as obras está emprazada dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1, e atópase dentro da zona de protección dun ben de interese cultural pertencente ao catálogo do PXOM (Casa da Cultura/clave: BE 10), e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 297,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 361,57 euros.

e) Deuse conta dunha instancia asinada por JOSE ANTONIO CAAMAÑO FREIRE, na que comunica que vai cambiar as ventás dunha vivenda sita na urb. Río Pego nº 8 - (Brión).

A parcela onde se van realizar as obras está emprazada dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-3, e atópase dentro da zona de protección do río Pego.

A Xunta de Goberno Local, á vista declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 18.11.2021, clave DH.W15.80920, e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 40,49 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 105,06 euros.

f) Deuse conta dunha instancia asinada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de VICTORIANO LÓPEZ RAÑA, na que comunica que vai facer un pozo de auga nunha parcela sita en a Caxusa nº 16- Bastavales.

A parcela (8209826NH2480N0001QX) onde se pretenden realizar as obras emprázase sobre un ámbito clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución de Augas de Galicia de data 28.10.2021, clave DH.B15.78622, e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 20,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 84,57 euros.

### TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para instalación de liña subterránea para dar subministro de enerxía eléctrica a unha vivenda sita na rúa da Pomba nº 7 - Alqueidón. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabia dunha lonxitude total de 85 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña, de data 14.05.2021.

A parcela á que se pretende dar o subministro de enerxía eléctrica (ref. catastral: 6647323NH2464N0001ED) está clasificada polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, expediente nº IF204A/AC/2021/0639, e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera

caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 600,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 206,55 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 271,12 euros.

**b)** Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para instalación de liña subterránea para dar subministro de enerxía eléctrica a unha vivenda sita en Brans de Abaixo nº 39 – Brión. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabia dunha lonxitude total de 108 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo de data 21.09.2021.

A parcela á que se pretende dar o subministro de enerxía eléctrica (ref. catastral 7066205NH2476N0001JT) está clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 1.198,48 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 239,70 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 304,27 euros.

**c)** Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para dar subministro de enerxía a unha estación de bombeo sita no lugar de Soigrex, acometendo obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión mediante unha zanja de 0,40 x 0,80 metros de sección e 143 metros lineais de lonxitude, sobre camiño, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casáis Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña, de data 06.08.2021.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural de data 20.01.2021, expte. 2409/21, e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera

caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 631,63 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1.263,26 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 1.327,83 euros.

#### **CUARTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Alfonso Suárez Alvite, que di actuar en representación de JOSÉ MARÍA GARCÍA GÓMEZ, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Aguiar nº 39 – Brión.

A Xunta de Goberno Local do 04.06.2019, concedeu licenza de obra maior para construír unha vivenda unifamiliar en Aguiar 39, Brión, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Alfonso Suárez Alvite, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 04.03.2019 e documentación complementaria visada o 23.05.2019.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal e do certificado final de obra asinado polo arquitecto Alfonso Suárez Alvite con data 04.01.2021, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 08.01.2021, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Taxa pola licenza de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

#### **FORA DA ORDE DO DÍA:**

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aprobar a urxencia do seguinte asunto:

#### **1. ACORDO DE CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA.**

Deuse conta da proposta da alcaldía do 8 de febreiro de 2022, que transcrita di:

##### **ANTECEDENTES:**

O Pleno con data 3 de agosto de 2021, acordou:

1. Con data 26 de maio de 2011 o Concello asinou coa empresa AQUAFIT GESTIÓN S.L. con CIF: B-94017225 o contrato de xestión do servizo público de piscina municipal cuberta climatizada de Brión, mediante concesión.

2. O prazo de duración do contrato é de dez (10) anos, a contar desde a data de inicio da prestación do servizo, data que se acreditará mediante acta subscriba polo Concello e o contratista. A acta sinalada que consta no expediente ten data de 16 de agosto de 2011, polo que o contrato remata con data 15 de agosto de 2021, non estando prevista nos pregos de cláusulas administrativas particulares (en adiante PCAP) a posibilidade de prórroga.

Fundamentos de dereito:

A cláusula 9 do PCAP sinala: En caso de vencemento normal do contrato, ou anormal pola súa resolución ou declaración de caducidade, para garantir a continuidade do servizo o órgano de contratación poderá acordar que o concesionario continúe na xestión do servizo ata tanto o novo

adxudicatario se faga cargo do servizo ou o asuma directamente o Concello, ata un prazo máximo de seis meses (6 meses).

A Disposición Transitoria 1ª da Lei 9 /2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sinala: Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei se rexerán, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

O expediente de contratación foi tramitado baixo a vixencia da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Considerando que por razóns de interese público o Concello non pode deixar de prestar este servizo aos veciños, o que se xunta á necesidade da continuidade do servizo - e mentres non se seleccione ao novo contratista- que impón coactivamente a permanencia do anterior contratista.

Considerando que non se prexudican dereitos de terceiros e que esta ampliación ten carácter excepcional, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Acordar a continuación por razóns de interese público do servizo de piscina municipal cuberta climatizada de Brión, por parte da empresa AQUAFIT GESTIÓN S.L., por un prazo máximo de seis meses, ata o 15 de febreiro de 2022.

#### CONSIDERACIÓNS:

Na actualidade aínda non se ten rematado o procedemento de adxudicación dun novo contrato, a pesares do tempo transcorrido, polas seguintes circunstancias:

- Tramitouse contrato menor para a realización do estudo de viabilidade económico - financeira de explotación de servizos da piscina cuberta municipal, que foi adxudicado por resolución da alcaldía do 15 de outubro de 2021 e entregado pola empresa BRULAR GESTIÓN SL con data 24 de decembro de 2021.

- Na actualidade estase a tramitar un expediente de contratación para contratar o servizo de redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares, prescricións técnicas e asesoramento para avaliación dos criterios de adxudicación que dependan dun xuízo de valor, dada a complexidade do expediente de referencia.

En consecuencia, tendo en conta as mesmas consideracións a respecto da esencialidade do servizo e a necesidade de continuidade da prestación en base ao disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, o consideralo un servizo esencial.

Aínda que o período de vixencia do contrato ten transcorrido, se entende que por razón do interese público, cal é o mantemento dun servizo público esencial, é necesario, de non existir a tácita recondución no ámbito da contratación administrativa, que se acuda a esta vía que a ampara ao Concello para acordar a continuidade da prestación do servizo ata que o novo contrato sexa adxudicado.

Neste caso, esta necesidade e urxencia é especialmente relevante, posto que as corporacións municipais non poden deixar de asumir as súas competencias en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Non pode esquecerse que non estamos ante un contrato de obra ou subministro cuxo cumprimento se perfecciona coa entrega, estamos ante un contrato de prestación de servizos que non pode suspenderse sen que se deriven diso consecuencias importantes para o interese público.

A lexislación contractual establece o principio de continuidade na prestación do servizo para os contratos de xestión de servizos públicos tras a entrada en vigor da Directiva 2014/24.

Nesta liña a lei de contratos, Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, establece no seu artigo 29.4, derradeiro parágrafo:

*No obstante lo establecido en los apartados anteriores, cuando al vencimiento de un contrato no se hubiera formalizado el nuevo contrato que garantice la continuidad de la prestación a realizar por el contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecimientos imprevisibles para el órgano de contratación producidas en el procedimiento de adjudicación y existan razones de interés público para no interrumpir la prestación, se podrá prorrogar el contrato originario hasta que comience la ejecución del nuevo contrato y en todo caso por un periodo máximo de nueve meses, sin modificar las restantes condiciones del contrato, siempre que el anuncio de licitación del nuevo contrato se haya publicado con una antelación mínima de tres meses respecto de la fecha de finalización del contrato originario.*

Esta norma abre a posibilidade de que cando ao vencemento dun contrato aínda non setivera formalizado o novo contrato ao finalizar o prazo concesional podería prorrogarse o contrato orixinario ata que empece a execución do novo contrato e, en todo caso, por un período máximo de 9 meses, sen modificar as condicións restantes do contrato.

Neste caso, non se da o suposto previsto na norma pois non foi publicado o inicio do expediente de contratación cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de remate do contrato orixinario; poren, é de interese público, tal e como se ten argumentado nesta proposta a continuidade da prestación do servizo, pois supón o exercicio dunha competencia irrenunciábel para a administración, ademais do prexuízo que para o interese público suporía a suspensión da prestación, que podería derivar en graves problemas no municipio.

Posto que o Concello non dispón de medios materiais e humanos suficientes para poder facer fronte de xeito eficaz e eficiente a dita necesidade, razón pola que se tiña acordado a externalización de dita prestación.

Neste senso se ten pronunciado tamén a xurisprudencia do Tribunal Supremo en sentenzas como a de 18 de novembro de 1986, ó dicir: “ *Una situación excepcional en que denunciado el contrato en la forma legalmente establecida y pactada, la administración por razones de interés público, unidas a la necesidad de continuidad del servicio -mientras no se seleccione al nuevo contratista- impone coactivamente la permanencia de la anterior con unas consecuencias equiparables a las producidas cuando la administración hace uso de las facultades que forman el contenido del “ius variandi”, con la ineludible contrapartida de la compensación económica a favor del contratista o concesionario de un servicio público, como es el caso al tratarse de un contrato de limpieza...*”

En todo caso, confirmar que a entidade ata de agora concesionaria do servizo, non seten oposto a continuar as prestacións derivadas do contrato nas mesmas condicións acordadas no seu día.

Polo tanto, esta alcaldía considera que debería adoptarse a acordo de continuidade de prestación do servizo derivado do contrato de servizo de piscina municipal cuberta climatizada, por parte da empresa AQUAFIT GESTIÓN S.L., nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato de data 26 de maio de 2011, polo tempo imprescindible para a realización da adxudicación dun novo contrato.

**PROPOSTA:**

Á vista de canto antecede, proponse á Xunta de Goberno Local por delegación do Pleno do 27 de xuño de 2019, que adopte os seguintes acordos:

**1º)** Acordar a continuidade de prestación dos servizos derivados do contrato de servizo de piscina municipal cuberta climatizada, por parte da empresa AQUAFIT GESTIÓN S.L., nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato de data 26 de maio de 2011, polo tempo imprescindible para a realización da adxudicación dun novo contrato.

**2º)** Dar conta deste acordo á Comisión Informativa de Servizos na primeira sesión que celebre ao abeiro do disposto no art. 126.2 do RD 2568/1986, de 28 de novembro.



3º) Notificar este acordo ao contratista para o seu coñecemento e efectos.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aprobar a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

**QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,10 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González